

Carme Bescansa Leirós (UPV): A vulnerabilidade nun mundo posthumano: "Die Optimierer" de Theresa Hannig

Partindo de nocións do posthumanismo e da distopía crítica, analizarase na novela *Die Optimierer* ("Os optimizadores") de Theresa Hannig a función e o efecto na sociedade de fenómenos relacionados coa tecnificación crecente, o perfeccionamento e a optimización de procesos e persoas. E observaremos en que medida, neste espazo de reflexión que abre a literatura, a vulnerabilidade se erixe como refuxio para valores humanitarios.

17:30 - 18:30 Mesa redonda e clausura

Moderación: Sara Pardo Prado (UAH)

"Por que ler literatura alemá hoxe?"

Conversación aberta entre as persoas participantes e o público, coordinada pola AGX.

Estas primeiras xornadas están dedicadas a unha cuestión de plena actualidade e de grande relevancia social: a redefinición dos espazos de convivencia. Trátase dun tema central non só na investigación en literatura en lingua alemá, senón tamén no conxunto das ciencias humanísticas, estreitamente ligado ás transformacións das sociedades contemporáneas derivadas de fenómenos como o cambio climático, as migracións, a globalización, os conflitos bélicos ou o desenvolvemento da intelixencia artificial.

As xornadas propoñen unha reflexión compartida sobre como a literatura actual en lingua alemá representa a convivencia en todas as súas dimensións —social, cultural, histórica e emocional—, entendida como un espazo de encontro entre voces, linguas e experiencias. Desde perspectivas diversas, as escritoras e os escritores contemporáneos ofrecen unha mirada privilexiada para pensar o presente europeo, a memoria, a identidade, a pertenza e as novas formas de relación dos seres humanos ca contorna natural.

ORGANIZA



COLABORAN



Dirección General de Investigación e Innovación Tecnológica
CONSEJERÍA DE CIENCIA, UNIVERSIDADES E INVESTIGACIÓN



I XORNADAS DE LITERATURA ALEMÁ ACTUAL



Espazos de convivencia: voces, identidades e historias na literatura alemá contemporánea

Achegando a literatura alemá ao público galego

28 de febreiro de 2026

Sala 9, Edificio Fontán Cidade da Cultura

10:00 - 13:45 — 16:00 - 18:30

Programa

10:00 - 10:30 | Apertura

Relatorio inaugural: Montserrat Bascoy Lamelas (UAH)
Espazos de convivencia na literatura contemporánea en lingua alemá: tendencias actuais

10:30 - 11:15

Esta intervención de apertura propón unha mirada xeral á literatura contemporánea en lingua alemá e ás súas reflexións sobre a convivencia. A través de obras recentes, a literatura aborda cuestións como as migracións, os cambios sociais, as crises ambientais ou as novas formas de relación nun mundo en transformación. Escritoras e escritores ofrecen perspectivas diversas que convidan a pensar a identidade, o sentido de pertenza e a relación cos demais e co entorno. A intervención presenta así un panorama das tendencias actuais e dos debates que a literatura abre sobre o presente.

11:15 - 11:45 | Pausa Café

11:45 - 13:45 Mesa da mañá

Rosa M. Gómez Pato (USC): O cómic actual en lingua alemá de persoas migrantes e posmigrantes: espazos de convivencia e historias plurais

Na literatura actual en lingua alemá o xénero do cómic ou novela gráfica vive desde comezos do século XXI un auxe sostido e forxado con talento e loita, alleo a modas ou artificios comerciais. Do mesmo xeito que ocorre noutros xéneros nos países de lingua alemá, atopamos no cómic obras producidas por persoas emigrantes ou fillas destas no país e na lingua de acollida. E elas coas súas novelas gráficas teñen moito que contar, amosando espazos de convivencia, pero tamén de hostilidade, e facéndonos sensibilizadoras da diversidade.

Nesta presentación veremos algún exemplo desta literatura que ademais entendemos como un medio axeitado para a formación política da cidadanía.

Olga Hinojosa (US): Una aproximación a la literatura posmigrante a través de las novelas de Sasha M. Salzmann

Sasha M. Salzmann es una reputada dramaturga y escritora alemana vinculada al teatro posmigrante, que surge en la escena cultural berlinesa a principios del siglo XXI como una plataforma de representación de colectivos con herencias culturales mixtas.

Tanto en su primera novela, *Ausser sich* (2017, esp. *Fuera de sí*, Seix Barral), como en la segunda, *Im Menschen muss alles herrlich sein* (2021), Salzmann traslada la reivindicación que lleva a cabo en el teatro de una sociedad inclusiva a su narrativa, en la que diluye fronteras nacionales, étnicas y lingüísticas abogando por la aceptación y no exclusivamente la tolerancia, de la pluralidad. De esta forma, su apuesta por una sociedad transcultural se transcribe en su obra literaria a través de relatos tradicionalmente marginados, al objeto de deconstruir binarismos en torno a una supuesta homogeneidad que nunca ha existido de conceptos como patria, nación e identidad en una sociedad globalizada.

Irina Ursachi (UAH): Más allá de Drácula: Rumanía entre memoria y vulnerabilidad en la literatura alemana translingüe

Esta intervención presenta la literatura escrita en alemán por autores nacidos en Rumanía, una escritura marcada por la emigración y por la revisión crítica de la historia reciente del país, en especial del comunismo. En este contexto se mencionan algunos autores representativos, cuyas obras cuestionan los estereotipos externos sobre Rumanía y proponen miradas personales sobre la memoria, la identidad y el territorio.

El análisis se centra en la novela *Die nicht sterben* (2021) de Dana Grigorcea, que contrapone la Rumanía imaginada desde fuera —exótica y vampírica— con la Rumanía vivida desde dentro.

A través de recuerdos familiares, escenas cotidianas y paisajes en transformación, la novela muestra cómo el pasado comunista ha creado personas vulnerables, cuyas historias están marcadas por la fragilidad. El mito de Drácula aparece como un espejo deformante del que la literatura permite tomar distancia, permitiendo explorar algunos de los temas y preocupaciones de la narrativa translingüe en lengua alemana vinculada a Rumanía.

13:45 - 16:00 | Pausa Xantar

16:00 - 17:30 Mesa da tarde

Jaime Feijóo (USC): La consistencia y el tránsito. Paseos por la historia alemana con Jenny Erpenbeck

“La diferencia entre una historia real y otra ficticia estriba precisamente en que ésta fue «hecha», al contrario de la primera, que no la hizo nadie. La historia real en la que estamos metidos mientras vivimos carece de autor visible o invisible porque no está hecha.” (Hannah Arendt)

“Confirmando la tendencia de un buen número de autores/as alemanes/as contemporáneos/as que dedican sus obras a la indagación literaria de la historia, en dos de sus primeras novelas Jenny Erpenbeck (Berlín Este, 1967) nos confronta con los últimos 150 años de cultura alemana desde la perspectiva crítica de la ruptura y/o pérdida de la tradición, pero también desde una profunda reflexión sobre las cambiantes identidades que constituyen el fundamento de la realidad alemana actual. La autora ensaya en ambos textos distintas historias individuales que se entrelazan para trazar una biografía poliédrica de épocas pasadas y presentes.

Si en *Haussuchung* (2008, esp. *Una casa en Brandenburgo*, Destino) es un espacio singular, una propiedad y una casa a orillas de un lago, donde se refleja la dramática historia alemana desde finales del siglo XIX hasta finales del XX, en *Aller Tage Abend* (2012, esp. *El fin de los días*, Edhasa) Erpenbeck construye un personaje múltiple que, con diferentes identidades y edades, nos remite a las posibles tramas de una historia siempre abierta.